

CAPÍTULO 1

A complexa construción da Ordenación do Territorio en España: instrumentos para o seu desenvolvemento¹

José Antonio Aldrey Vázquez

Román Rodríguez González

Departamento de Xeografía.

Universidade de Santiago de Compostela

Ja.aldrey.vazquez@gmail.com

Roman.rodriguez@usac.es

Resumo

Este traballo realiza unha recompilación dos instrumentos de Ordenación do Territorio existentes en España, fundamentalmente nas escalas rexional e subrexional. Estes instrumentos son moi variados debido á descentralización administrativa do Estado. Na Constitución Española de 1978 establécese que as competencias en planificación territorial son detentadas polas Comunidades Autónomas. Isto fai que existan dezasete maneiras diferentes de organizar a Ordenación Territorial en España, aínda que cunhas liñas xerais comúns.

Palabras Chave: Ordenación do Territorio, Instrumentos de Planificación Territorial, escala territorial, España.

Abstract

This paper provides a collection of instruments of Spatial Planning in Spain, mainly in the regional and subregional scales. These are varied due to administrative decentralization of the State. In the Spanish Constitution of 1978 states that Land Use Planning powers are of the Autonomous Communities. This means that there are seventeen different ways to organize Territorial Management in Spain but with a common general lines.

Key Words: Territorial Management, Instruments of Spatial Planning, territorial scale, Spain.

¹ Este texto é unha revisión e posta ao día do artigo "Instrumentos de Ordenación del Territorio", publicado en *Territorio. Ordenar para competir*, libro dirixido por Román Rodríguez González e publicado por Netbiblo en 2010.

Este traballo pretende levar a cabo unha revisión e posta ao día dos instrumentos de Ordenación do Territorio existentes en España (con referencia a xuño de 2009), así como unha categorización dos mesmos en función da escala territorial de actuación para a que foron concibidos. É, xa que logo, unha recompilación laboriosa debido ao feito de falar dunha competencia, a da ordenación do territorio, atribuída pola Constitución de 1978 ás Comunidades Autónomas. Isto supón que nos imos topar con dezasete xeitos de desenvolver lexislación e implementar políticas de ordenación e planificación territorial, así como os seus correspondentes instrumentos para poñelas en práctica. A intención, por tanto, é a de intentar clasificar a gran diversidade de instrumentos e documentos de ordenación territorial de acordo cunhas pautas comúns para ter unha visión global de cal é a situación da ordenación territorial no noso país. Algúns autores e institucións trataron a cuestión con anterioridade (Zoido Naranjo, 2001; Feria, Rubio e Santiago, 2005; Benavent Fernández de Córdoba, 2006; Hildenbrand Scheid, 2006; Ministerio de Medio Ambiente, 2008a e 2008b; Aldrey e Rodríguez, 2010), pero convén revisar as novidades e actualizar o estado da cuestión de xeito periódico, como se fará nesta achega, dada a rápida evolución da mesma e a continua aparición de novos instrumentos de Ordenación do Territorio.

Con todo, é necesario, antes de comezar, facer unha contextualización do tema. Neste sentido débese deixar patente o que se entenderá por Ordenación Territorial no presente traballo. A ordenación do territorio ten como obxectivo alcanzar un desenvolvemento territorial sostible para un territorio concreto (Puxadas e Font, 1998). A partir deste obxectivo xeral convén acoutar máis o que se entende polo termo e o que se pretende conseguir con ela. Así, a definición da Carta Europea de Ordenación do Territorio (Consello de Europa, 1983), adoptada como referente en moitas das leis de Ordenación do Territorio das diferentes Comunidades Autónomas españolas, apunta que “é a expresión espacial da política económica, social, cultural e ecolóxica de toda a sociedade”, indicando que ten como obxectivos fundamentais “o desenvolvemento socioeconómico equilibrado das rexións. A mellora da calidade de vida. A xestión responsable dos recursos naturais e a protección do medio ambiente. En definitiva, a utilización racional do territorio”.

Trátase, entón, dunha acepción moi ampla e xenérica que convén acoutar porque dificilmente pode servir, se nos quedamos con esa formulación, para precisar

os límites da Ordenación do Territorio. Nela cabe practicamente todo, dende as iniciativas de desenvolvemento rexional aos instrumentos de planificación física (o que se pode e o que non se pode facer no solo, é dicir, o que está permitido e prohibido), e dende as escalas máis amplas ás que contemplan a Ordenación Territorial de xeito máis pormenorizado, pasando por todas aquelas políticas públicas que teñen unha repercusión territorial (Romero e Farinós, 2004; Feria, Rubio e Santiago, 2005). Por esta razón, neste traballo vaise a adoptar unha acepción restrinxida do termo, entendendo a Ordenación do Territorio como planificación física de ámbitos rexionais e subregionales. Esta acepción non é arbitraria, senón que se trata da que se adopta na práctica político-administrativa española e na maioría dos países europeos (Hildenbrand Scheid, 1996), tendo en conta ademais que a Carta Europea de Ordenación do Territorio (Consello de Europa, 1983) sinala que “o nivel rexional é o marco máis apropiado para pór en práctica a política de ordenación do territorio”.

1.- O marco legislativo en materia de Ordenación do Territorio en España

En virtude da Constitución Española de 1978, no seu artigo 148 terceiro, atribúese ás Comunidades Autónomas as competencias en materia de Ordenación do Territorio. Esa atribución foi posteriormente recollida por cada un deses territorios nos seus correspondentes Estatutos de Autonomía. Deste xeito, as Comunidades Autónomas exercen esta función pública con potestades plenas nos campos legislativo, regulamentario e de execución. Ademais, as Comunidades Autónomas contan tamén coas competencias en lexislación urbanística, de modo que se pecha así o círculo da planificación (Hildenbrand, 2006).

Pola súa banda, o Estado conserva competencias exclusivas (artigo 149 da Constitución), nalgunhas materias con grande incidencia territorial: o alumeado de costas, os portos e aeroportos de interese xeral, os ferrocarrís e transportes terrestres que transcorran por máis dunha Comunidade Autónoma, os recursos hidráulicos interterritoriais, a lexislación básica sobre medio ambiente e as obras públicas de interese xeral (Puxadas e Font, 1996).

Cadro 1 – Leis Autonomías de ordenación do (referencia a 15 de xuño de 2009)

Cataluña	-Lei 23/1983 de Política Territorial. -Lei 8/2005 de Protección, Xestión e Ordenación da Paisaxe.
Madrid	-Lei 10/1984 de Ordenación Territorial. -Lei 9/1995 de medidas de política territorial, solo e urbanismo (deroga anterior Lei 10/1984 de Ordenación Territorial).
Navarra	-Lei Foral 12/1986 de Ordenación do Territorio -Lei 10/1994 foral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. -Lei Foral 35/2002, de Ordenación do Territorio e Urbanismo. -Lei 4/2008 de modificación do apdo. 2 da disposición transitoria 6ª da Lei Foral 35/2002 de Ordenación do Territorio e Urbanismo.
Asturias	-Lei 1/1987 de Coordinación e Ordenación Territorial. -Decreto Lexislativo 1/2004. Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo. -En tramitación dende 10/01/2005. Proxecto de Decreto do Regulamento de Ordenación do Territorio e Urbanismo do Principado de Asturias.
Illas Balears	-Lei 8/1987 de Ordenación Territorial. -Lei 14/2000, de Ordenación do Territorio. -Lei 8/2003, de medidas urxentes en materia de Ordenación Territorial e urbanismo. -Lei 4/2008 de medidas urxentes para un desenvolvemento territorial sostenible nas Illas Balears.
Comunidade Valenciana	-Lei 6/1989 de Ordenación do Territorio. -Lei 4/2004 de Ordenación do Territorio e Protección da Paisaxe. -Decreto 67/2006. Regulamento de Ordenación e Xestión Territorial e Urbanística.
Cantabria	-Lei 7/1990 de Ordenación Territorial. -Lei 2/2001 de Ordenación Territorial e Réximen Urbanístico do Solo de Cantabria.
País Vasco	-Lei 4/1190 de Ordenación do Territorio. -Decreto 206/2003, de regulación do procedemento para a aprobación das modificacións non substanciais das Directrices de Ordenación Territorial, Plans Territoriais Parciais e Plans Territoriais Sectoriais.
Murcia	-Lei 4/1990 de Ordenación e Protección do Territorio. -Lei 1/2001 do Solo da Rexión de Murcia.
Aragón	-Lei 11/1992 de Ordenación do Territorio. -10/01/2006. Proxecto de Lei de Ordenación Territorial de Aragón (LOTA). -En tramitación dende decembro de 2006. Proxecto de lei de Urbanismo de Aragón (LUA).
Andalucía	-Lei 1/1994 de Ordenación do Territorio.
Galicia	-Lei 10/1995 de Ordenación do Territorio. -Lei 7/1996 de Desenvolvemento Comarcal. -Lei 6/2007 de Medidas Urxentes en materia de Ordenación do Territorio e do Litoral de Galicia.
Castela e León	-Lei 10/1998 de Ordenación do Territorio. -Lei 14/2006 de modificación da Lei 10/1998 de Ordenación do Territorio.

Cadro 1 – Leis Autonomías de ordenación do (referencia a 15 de xuño de 2009)

Castela-A Mancha	-Lei 2/1998 de Ordenación do Territorio e da Actividade Urbanística. -Decreto Lexislativo 1/2004 polo que se aproba o texto refundido da Lei de Ordenación do Territorio e da Actividade Urbanística. -Lei 12/2005 de modificación do Decreto lexislativo 1/2004.
A Rioxa	-Lei 10/1998 de Ordenación do Territorio e Urbanismo. -Lei 5/2006 de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Rioxa.
Canarias	-Lei 9/1999 de Ordenación do Territorio de Canarias. -Decreto Lexislativo 1/2000 polo que se aproba o Texto Refundido das leis de Ordenación do Territorio de Canarias e de Espacios Naturais de Canarias. -Lei 4/2006 de modificación do Texto Refundido de Ordenación do Territorio. -Decreto 30/2007 polo que se aproba unha modificación no regulamento de Procedementos dos Instrumentos de Ordenación do Sistema de Planeamento de Canarias polo decreto 55/2006. -Lei 6/2009 de Medidas Urxentes en materia de Ordenación Territorial para a dinamización sectorial e a Ordenación do Turismo. -Lei 7/2009 de modificación do Texto Refundido das Leis de Ordenación do Territorio de Canarias e de Espazos Naturais de Canarias sobre declaración e ordenación de áreas urbanas no litoral canario.
Estremadura	Lei 15/2001 de Solo e Ordenación Territorial.

Fuente: Consellerías con competencias en Ordenación Territorial das diferentes Comunidades Autónomas e Ministerio de Medio Ambiente (2008a).

A labor lexislativa autonómica en materia de ordenación territorial comezou en Cataluña en 1983, coa *Lei de Política Territorial de Cataluña*, á que seguiron as respectivas leis de Madrid, en 1984, e Navarra (1986). A partir destas comunidades pioneiras, as restantes entidades territoriais españolas fóronse dotando da súa respectiva lexislación de xeito progresivo, cunha longa duración do proceso, pois non se completou ata a aparición de lexislación en materia territorial en Castela-A Mancha, A Rioxa, Castela e León (estas tres comunidades en 1998) e Estremadura, última en dotarse de regulamentación deste tipo, en 2001 (cadro 1).

Tal e como se pode apreciar no cadro 1, un bo número de Comunidades Autónomas foron substituíndo as súas primeiras leis de Ordenación do Territorio por outras máis recentes, unha vez que ían aparecendo problemas no desenvolvemento das mesmas, debido a diferentes rixideces ou, fundamentalmente, tras a sentenza do Tribunal Constitucional 149/1998 sobre a atribución ás Comunidades Autónomas da competencia en materia urbanística. Deste xeito, moitas desas reformas concretáronse para facer confluír a lexislación de ordenación do territorio e a lexislación urbanística. Isto ocorreu en Madrid, Navarra, Asturias, Baleares, Cantabria, Murcia, Castela-A Mancha e A Rioxa.

Con respecto a esta confluencia entre lexislación territorial e urbanística non hai consenso entre os diferentes expertos que se ocuparon do tema, pois algúns entenden que se trata dun feito positivo, porque supón o recoñecemento de que ambas escalas de planificación son diferentes e que son necesarios niveis de entendemento e abordaxe dun proceso común de planificación territorial (Farinós, 2004; Fera, Rubio e Santiago, 2005). Outros, con todo, ven un risco no tratamento conxunto, pois entenden que se corre o perigo de que a ordenación territorial acabe subordinada á normativa urbanística (Hildenbrand, 2006).

É difícil posicionarse respecto disto, pois aínda non transcorreu tempo suficiente para ter unha perspectiva clara de como funcionou esa lexislación integrada. Haberá que comprobar se realmente a confluencia será positiva ou non, e se se levará a cabo con éxito, en función de como evolucione a práctica político-administrativa.

Os obxectivos da Ordenación do Territorio que habitualmente aparecen nas respectivas leis autonómicas están moi influenciados polos postulados da Carta Europea de Ordenación do Territorio (Consello de Europa, 1983). Son basicamente os seguintes:


- Propiciar un desenvolvemento equilibrado.
- Mellorar a calidade de vida.
- Potenciar e mellorar o sistema urbano.
- Articular e integrar o territorio tanto no interior como cara ao exterior.
- Establecer a localización das infraestruturas, equipamentos e servizos de carácter supramunicipal.
- Distribuír de xeito equilibrado no territorio as actividades e os usos do solo.
- Mellorar a localización das actividades produtivas.
- Preservar o medio ambiente e o patrimonio histórico-cultural.
- Contribuír á prevención dos riscos catastróficos de tipo natural ou antrópico.

As diferentes leis autonómicas definiron un sistema de planeamento de Ordenación do Territorio cuns instrumentos de intervención moi semellantes (pero cun desenvolvemento posterior dos mesmos moi desigual), que descansa sobre dous

alicerces esenciais: Instrumentos de Ordenación de escala rexional (figura 1) e Instrumentos de Ordenación de ámbito subrexional (figura 2).

Polo que respecta aos Instrumentos de Ordenación Territorial de escala rexional, hai que apuntar que teñen unha carga estratéxica importante, moito máis significativa que a reguladora. En boa medida representan a aproximación institucional á territorialidade, á concepción do espazo que é obxecto de administración e goberno da Comunidade Autónoma, constituíndo nalgúns casos o que podería denominarse como “estatutos de territorio”. Aparecen recollidos en todas as leis autonómicas, aínda que nalgunhas delas aínda non fosen desenvolvidos, contando con denominacións diferentes segundo a Comunidade, aínda que as máis frecuentes son Plan, Directrices e Estratexia Rexional. Constitúen o marco legal de referencia e con carácter vinculante para o resto dos plans que existan na Comunidade Autónoma e para as actividades socioeconómicas (figura 1).

Figura 1. Instrumentos de Ordenación do Territorio de ámbito rexional



Fuente: Elaboración propia.

Pola súa banda, os Instrumentos de Ordenación do Territorio de ámbito ou escala subrexional (figura 2) afectan a territorios provinciais, comarcais ou a espazos supramunicipais. En todo caso de tamaño superior a un municipio e inferior a unha rexión. Teñen un carácter máis normativo, porque ademais de directrices e recomendacións, formulan normas de aplicación directa, a fin de regular cuestións consideradas esenciais. As denominacións que se lles dá poden levar a confusións, pois en ocasións a súa nomenclatura é semellante ou idéntica aos instrumentos rexionais doutras comunidades. Os máis frecuentes son Plan Territorial (subrexional ou parcial) e Directrices.

Figura 2.-Instrumentos de Ordenación do Territorio de ámbito subrexional



Fuente: Elaboración propia.

O marco de referencia territorial de actuación é vinculante tanto para as administracións públicas como para particulares. A súa misión esencial é desenvolver os instrumentos de ámbito rexional en espazos que requiren un nivel máis polo miúdo


de Ordenación, xa que evidentemente, non é o mesmo a costa que o interior ou a montaña, ou unha conca mineira que unha cidade. É por iso que requiren un maior grao de concreción que os instrumentos rexionais nos campos material, espacial e temporal. Deste xeito, establecen determinacións sobre localizacións, trazados de infraestruturas, reservas de solo para o desenvolvemento de determinadas actividades (por exemplo plataformas loxísticas, parques científicos ou empresariais, etc.), restricións de usos ou réximes de protección que afectan directamente ao planeamento urbanístico dos municipios (planificación física).

Tratan, xa que logo, problemas concretos de ordenación e neles obsérvase unha dobre natureza: expoñen estratexias de actuación territorial pero tamén son reguladores, pois establecen determinacións para o uso do solo, definindo o que está prohibido/permitido. Ao mesmo tempo poden tamén establecer determinacións para coordinar políticas sectoriais, ou normas de obrigado cumprimento para o planeamento urbanístico e para compatibilizar políticas urbanísticas.

Nos parágrafos precedentes realizamos continuas referencias ao grao de vinculación legal dos diferentes instrumentos mencionados, pero quizais conveña definilo con maior claridade para que non existan dúbidas do que significan eses diferentes termos. Así, en sentido normativo, as diferentes leis autonómicas prevén que os plans de ordenación do territorio establezan previsións sobre cada un dos seus contidos materiais (sistema de cidades, sistema de transporte e comunicacións, sistema físico ambiental e actividades sociais e produtivas) con repercusión directa sobre o territorio en forma de determinacións, que, como apuntamos, supoñen un diferente grao de vinculación xurídica (figura 3). Pero, cal é ese grao?. As determinacións pódense traducir en normas, directrices e recomendacións.

As normas son unha modalidade concreta de determinacións de planeamento territorial definidas polo seu grao de vinculación e eficacia inmediata sobre o réxime do solo. Son vinculantes tanto para a Administración como para os particulares, tanto en solos urbanizables como non urbanizables. Prevalecen desde a súa entrada en vigor sobre as determinacións dos plans de menor escala territorial. Son, por tanto, as que maior carga normativa teñen e de obrigado cumprimento.

Figura 3.-Grao de vinculación xurídica das determinacións presentes en los Instrumentos de Ordenación do Territorio



Fuente: Elaboración propia.


Pola súa banda, as directrices son determinacións dos plans territoriais definidas polo seu grao de vinculación e eficacia inmediata: vinculantes para as Administracións públicas en canto aos seus fins (obxectivos e resultados), correspondendo a estas a aplicación de medidas concretas para a súa consecución.

Finalmente, as recomendacións son as determinacións dos plans territoriais con menor grao de vinculación e eficacia, estando reservadas para aquelas de carácter indicativo dirixidas a outras Administracións (enténdase a estatal) cuxa obrigación concretar na necesidade de apartarse da mesma, e a súa compatibilidade, en todo caso cos obxectivos xerais (Acosta e Burraco, 1998).

Fronte aos dous tipos de instrumentos aos que xa nos aproximamos, os de carácter rexional e subrexional, que constitúen o núcleo central e substantivo do sistema de planeamento e ordenación territorial, as leis autonómicas tamén contemplan outras figuras e instrumentos de planificación de diferente natureza e contido (Feria, Rubio e Santiago, 2005). Podemos dividilos en dous grandes tipos: por unha banda, instrumentos e procedementos para a intervención sectorial (plans e

proxectos) de clara incidencia territorial. E, por outro, instrumentos de carácter ambiental (figura 4).

Figura 4.-Outros instrumentos de Ordenación Territorial



Fuente: Elaboración propia.

Os instrumentos de tipo sectorial son moi numerosos e heteroxéneos. Abordan aspectos moi relevantes pero non existen criterios e procedementos comúns para a súa elaboración entre as diferentes Comunidades Autónomas. A efectos expositivos, e seguindo a Feria, Rubio e Santiago (2005), poden agruparse en tres grandes tipos, que non son excluíntes nin alternativos.

En primeiro lugar están os plans territoriais de natureza sectorial (figura 4). Buscan a coordinación e coherencia óptima dos plans sectoriais de incidencia territorial cos obxectivos e criterios marcados pola política de Ordenación do Territorio da Comunidade en cuestión.

Cataluña, é quizais a comunidade que máis os desenvolveu, con máis de vinte aprobados, en ámbitos tan variados como equipamentos culturais, enerxía eólica, transportes de viaxeiros, estacións de montaña, etc. (Paül Carril, 2009). Pola súa banda, no País Vasco existen unha decena, entre os que se poden citar pola súa transcendencia os plans territoriais sectoriais da enerxía eólica ou o de marxes de ríos e arrosos.


En segundo termo aparecen os plans sectoriais externos ás competencias dos departamentos de Ordenación Territorial pero que contan cunha clara incidencia territorial. É o caso dos Plans con Incidencia na Ordenación do Territorio (PIOT) andaluces; os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal en Galicia e Navarra; ou, os plans directores sectoriais en Baleares.

Este tipo de instrumentos non son elaborados polos organismos con competencias en materia territorial, pero si deben facer un informe, ou contan con algún procedemento de control, para que se atean aos criterios marcados na lei de Ordenación Territorial.

Finalmente, en terceiro lugar, atópanse as normas con instrumentos específicos de avaliación e control de efectos territoriais de plans e proxectos (avaliacións de impacto). Cóntase con este tipo de planificación sectorial en Andalucía, Asturias, Aragón e Murcia. Son instrumentos complementarios á Ordenación Teritorial. En definitiva, buscan verificar a compatibilidade ou, no seu caso, a incompatibilidade dun determinado proxecto cos obxectivos fixados nos plans de Ordenación do Territorio (figura 4).

Pola súa banda, os instrumentos de carácter ambiental na Ordenación Territorial teñen escasa importancia en España, estando moito máis estendidos no ámbito europeo. No entanto, nos últimos anos están coñecendo unha maior significación e pódense englobar en tres subtipos (figura 4). Así, están os plans de ordenación do medio físico ou do medio natural, que os podemos atopar en Baleares, Cantabria, Navarra, Madrid e Galicia. Outro tipo son os plans de ordenación de recursos naturais (presentes en Castela e León e A Rioxa). Finalmente, tamén existen documentos e disposicións de conservación paisaxística, destacando entre eles a Lei de Ordenación do Territorio e Protección da Paisaxe da Comunidade Valenciana de 2004 e a Lei 8/2005 de Protección e Ordenación da Paisaxe de Cataluña.

Figura 5.-A coordinación entre os Instrumentos de Ordenación Territorial



Fuente: Elaboración propia.

Xa que logo, contamos en España con catro grandes clases de plans e instrumentos no ámbito da Ordenación do Territorio (figura 5), que se subdividen á súa vez en diferentes tipos, con denominacións variadas e que inclúen aspectos non sempre coincidentes entre as dezasete Comunidades Autónomas. A harmonización, regularización e concertación entre as diferentes escalas territoriais, e entre estas e os instrumentos de tipo sectorial e/ou ambiental, é complicada. Conséguese mediante a cooperación, colaboración e coordinación entre as distintas Administracións públicas (ou departamentos dentro dunha mesma Administración) implicadas no desenvolvemento de actuacións que inciden no territorio. Logralo constitúe o alicerce básico da planificación territorial das diferentes autonomías. Débese camiñar, para logralo, na coordinación de políticas sectoriais e tamén cara á harmonización das actuacións das distintas administracións territoriais.

Cadro 2. Instrumentos de Ordenación Territorial de ámbito rexional e subrexional contemplados nas leis autonómicas vixentes de ordenación territorial.

Andalucía	<ul style="list-style-type: none"> -Plan de Ordenación do Territorio de Andalucía. -Plan de Ordenación do Territorio de Ámbito Subrexional. -Plans con incidencia na Ordenación do Territorio (PIOT).
Aragón	<ul style="list-style-type: none"> -Directrices Xerais de Ordenación Territorial. -Directrices Parciais de Ordenación Territorial. -Programas específicos de Xestión ou actuación de ámbito Territorial. -Procedementos de Xestión Coordinada.
Asturias	<ul style="list-style-type: none"> -Directrices de Ordenación Territorial (Rexionais, Subrexionais, Sectoriais). -Programa de Actuación Territorial (PAT). -Plans Territoriais Especiais. -Catálogo de Núcleos Rurais. -Avaliacións de Impacto Ambiental. -Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (PORNA).
Baleares	<ul style="list-style-type: none"> -Directrices de Ordenación Territorial. -Plans Territoriais Insulares. -Plans Directores Sectoriais.

Cadro 2. Instrumentos de Ordenación Territorial de ámbito rexional e subrexional contemplados nas leis autonómicas vixentes de ordenación territorial.

Cantabria	<ul style="list-style-type: none"> -Plan Recional de Ordenación Territorial. -Plan de Ordenación do Litoral. -Normas Urbanísticas Territoriais. -Proxectos Singulares de Interese Rexional.
Canarias	<ul style="list-style-type: none"> -Directrices de Ordenación. -Plans Insulares de Ordenación. -Plans e Normas dos Espacios Naturais Protexidos. -Plans Territoriais de Ordenación Parciais. -Plans Territoriais de Ordenación Especiais. -Proxectos de Actuación Territorial. -Cualificación Territorial.
Castela-A Mancha	<ul style="list-style-type: none"> -Estratexia Territorial. -Plans de Ordenación do Territorio. -Proxectos de Singular Interese.
Cataluña	<ul style="list-style-type: none"> -Plan Territorial Xeral. -Plans Territoriais Sectoriais. -Plans Directores Territoriais. -Catálogo da Paisaxe. -Directrices da Paisaxe.
Comunidade Valenciana	<ul style="list-style-type: none"> -Estratexia Territorial da Comunidade Valenciana. -Plans de Acción Territorial (Integrados e Sectoriais). -Sistema de Información Territorial.
Estremadura	<ul style="list-style-type: none"> -Directrices de Ordenación Territorial. -Plans Territoriais. -Proxectos de Interese Rexional.
Galicia	<ul style="list-style-type: none"> -Directrices de Ordenación do Territorio. -Plans Territoriais Integrados. -Programas Coordinados de Actuación. -Plans e Proxectos de Incidencia Supramunicipal. -Plans de Ordenación do Medio Físico.
Madrid	<ul style="list-style-type: none"> -Plan Rexional de Estratexia Territorial. -Programas Coordinados de Acción Territorial. -Plans de Ordenación do Medio Natural e Rural.
Murcia	<ul style="list-style-type: none"> -Directrices de Ordenación do Territorio. -Plans de Ordenación Territorial. -Programas de Actuación Territorial. -Plans de Ordenación do Litoral. -Actuaciones de Interés Rexional. -Estudios de Impacto Territorial.

Cadro 2. Instrumentos de Ordenación Territorial de ámbito rexional e subrexional contemplados nas leis autonómicas vixentes de ordenación territorial.

Navarra	<ul style="list-style-type: none">-Estratexia Territorial de Navarra.-Plans de Ordenación Territorial.-Plans Directores de Acción Territorial.-Plans Sectoriais de Incidencia Supramunicipal.-Proxectos Sectoriais de Incidencia Supramunicipal.-Plans con Incidencia na Ordenación do Territorio.
País Vasco	<ul style="list-style-type: none">-Directrices de Ordenación do Territorio.-Plans Territoriais Parciais.-Plans Territoriais Sectoriais.
A Rioxa	<ul style="list-style-type: none">-Estratexia Territorial de A Rioxa.-Directrices de Actuación Territorial.-Zonas de Interese Rexional.-Proxectos de Interese Supramunicipal.

Fuente: Consellerías con competencias en Ordenación Territorial das diferentes Comunidades Autónomas e Ministerio de Medio Ambiente (2008b).

Finalmente, dentro deste apartado, podemos aproximarnos aos instrumentos concretos que contemplan as diferentes leis autonómicas (con referencia a xuño de 2009). No cadro 2 recóllense Comunidade por Comunidade cales son eses instrumentos, aínda que non sempre foron levados a cabo, como liñas máis adiante teremos ocasión de comprobar.

3.- Estado da planificación territorial en España

